

# CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega nº 3 - Xul.  
2020







# CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega

EDITA



Betanzos  
ISSN 2603-9583

## COORDINA

Ángel Arcay Barral

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

## COLABORACIONS

Ángel Arcay Barral  
Carlos Barja Márquez  
Erea Blanco Balvís  
Fanny Bourdón Fernández  
Paula Cousillas Pena

Adrián Feijoo Sánchez  
Sara Fraga Pérez  
Jesús Manuel García Díaz  
Miguel Giadás Quintela  
Fátima López Freire  
Sara Pajón Soto

Fran Quiroga  
Juan Antonio Rodríguez Arnao  
Daniel Lucas Teijeiro Mosquera  
Xesús Torres Regueiro  
Ricardo Varela Fernández

## COMITE CIENTIFICO

Pilar Cagiao Vila (Universidade de Santiago de Compostela)  
Adrián Feijoo Sánchez (Universidade Santiago de Compostela)  
Carlota González Míguez (Asociación de Amigos del Parque del Pasatiempo)  
David Martín López (Universidad de Granada)  
Ernesto Vázquez-Rey (Universidade da Coruña)  
José Manuel Rey Bao (IES Francisco Aguiar)

Julián Ferrer García (IES Francisco Aguiar)  
Patrizia Granziera Ceotto (Universidad Autónoma del Estado de Morelos)  
Paz Moreno Felú (Universidad Nacional de Educación a Distancia)  
Uxia Cagiao Teijo (IES Francisco Aguiar)  
Xosé Luís Mosquera Camba (IES Francisco Aguiar)

## COMITE TECNICO

Lucía Díaz Vilariño

Paula Cousillas Pena

Noelia Fraga Pérez

Jose Souto Santé

## DESEÑO E ILUSTRACIONS

Axóuxeres e chisqueiros, Yosune Duo Suárez, Gaila Louro, Arkaitz Rodríguez Brage, Adri Seara, Diana Sobrado, Jose Souto e Mar Vieites fixeron as portadas dos artigos. Mar Vieites fixo ademáis a cuberta e o anxiño do encabezado das páxinas pares (inspirada no capitel da Casa dos Espellos e da Casa Tquilla). Jose Souto debuxou o escudo de Betanzos da seguinte páxina (tomado do cartel das festas de Betanzos do 1934 obra de Camilo Díaz Baliño) a filigrana do índice (inspirada nos mosaicos de azulexos da Casa dos Espellos), a ilustración das palabras chave (inspirada na Fonte das Catro Estacións) e encargouse de maquetar.

## PERIODICIDADE&CALL FOR PAPERS

Casa dos Espellos é unha revista anual que recibe os seus artigos antes do 31 de outubro.

## CONTACTO

Podes suscribirte á publicación de novos números, enviar traballos ou solicitar información nos seguintes medios de contacto:



[www.casadosespellos.gal](http://www.casadosespellos.gal)




[facebook.com/casadosespellos/](https://facebook.com/casadosespellos/)



[casadosespellos@gmail.com](mailto:casadosespellos@gmail.com)





**Fontes documentais arredor dos García Naveira (III): A orixe das Escolas e o Asilo García Irmáns**

pax 8 - 31

Ángel Arcay Barral e Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

**0 Parque do Pasatempo na revista *Vida Gallega***

pax 32 - 41

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

**El panorama de las exposiciones universales**

pax 42 - 53

Fanny Bourdón Fernández

**Aproximación ó folclore a través do Proxecto “Escoitar, Aprender e Compartir”**

pax 54 - 63

Fátima López Freire e Sara Fraga Pérez

**A Casa do Povo de Betanzos**

pax 64 - 67

Xesús Torres Regueiro

**0 Parque do Pasatempo no arquivo familiar de Bernardino Machado, presidente da República Portuguesa**

pax 68 - 89

Ángel Arcay Barral e Joana Rosas Amoroso

**Comprometámonos co Pasatempo: unha proposta de Aprendizaxe-Servizo dende o ámbito educativo**

pax 90 - 103

Sara Pajón Soto, Miguel Giadás Quintela, Erea Blanco Balvís e Paula Cousillas Pena

**Donde che van as cores? 0 traxe tradicional galego como indicador do estado civil**

pax 104 - 121

Sara Fraga Pérez

**Dos maestras de Betanzos purgadas como izquierdistas por el franquismo**

pax 122 - 129

Jesús Manuel García Díaz

**El balneario como ciudad ideal. El ejemplo de Cabreiroá**

pax 130 - 139

Carlos Barja Márquez

**Contexto e prexuízo no Parque do Pasatempo**

pax 140 - 151

Ricardo Varela Fernández

**Un intento de situar á cidadanía no centro da creación contemporánea**

pax 152 - 163

Fran Quiroga

**Reseña: Lourenzo Fernández Prieto, Antonio Míguez Macho (eds.) (2019).  
Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo. Ed. Galaxia, Vigo**

pax 164 - 173

Adrián Feijoo Sánchez


**Manteniendo la memoria: las postales del Pasatiempo**

pax 174 - 202

Juan Antonio Rodríguez Arnao



FONTES DOCUMENTAIS ARREDOR DOS GARCIA NAVEIRA (II)  
A ORIXE DAS ESCOLAS E O ASILO GARCIA IRMANS



*Lebre común*



## Fontes documentais arredor dos García Naveira (III): A orixe das Escolas e o Asilo García Irmáns

**Ángel Arcay Barral**

Arquiveiro

<https://orcid.org/0000-0003-2134-5473>

**Daniel Lucas Teijeiro Mosquera**

Historiador da Arte

Ilustracións: **Yosune Duo**

### Resumo

Terceira investigación da serie «Fontes documentais arredor dos García Naveira», que trata sobre a fundación do Patronato Benéfico-Docente García Hermanos (1908) e a construción das Escuelas y Asilo García Hermanos (1908-1912). Para o presente estudo transcríbense aqueles documentos inéditos máis relevantes.

**Palabras chave:** García Naveira, escolas e asilo, beneficencia, educación, indiano.

### Abstract

Third investigation of the series «Fontes documentais arredor dos García Naveira», which focuses on the founding of the *Patronato Benéfico-Docente García Hermanos* (1908) and the construction of *Escuelas y Asilo García Hermanos*, the schools and nursing home built by the brothers. The most relevant unpublished documents are transcribed in this article.

**Keywords:** García Naveira, schools and nursing home, charity, education, indiano.

### 1. O Patronato Benéfico-Docente García Hermanos

O Patronato Benéfico-Docente García Hermanos e o conxunto Escuelas y Asilo García Hermanos son dous suxeitos inherentes que definen a vontade filantrópica dos irmáns García Naveira en Betanzos. O primeiro é o órgano que fundan en 1908 para xestionar o

seu capital destinado á sociedade brigantina e o segundo é o complexo arquitectónico que encomendan desinteresadamente entre 1908 e 1914 para a poboación necesitada. Malia que na actualidade só se conserva parte das escolas, é necesario librar do esquecemento a visualización da arquitectura orixinal desta obra e da súa vida (figs. 1, 2 e 3).



(Fig. 1) Loty (ca. 1930); *Escolas e Asilo García Irmáns*. 150 x 90 mm. Colección privada.



(Fig. 2) Fotografía Aérea y Terrestre S.L. (1977): *Vista xeral da cidade. Véxase o conxunto das Escolas e Asilo García Irmáns aínda sen derrubar*. 10 x 12,5 cm. Arquivo de Galicia, ES.GA.15078.AG/2.3.4.1.1//G06071/115.

No Arquivo Municipal de Betanzos é onde se conserva o maior legado documental público que contén información específica sobre os García Naveira, concretamente, no fondo Arquivo Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos, que foi rescatado por Alfredo Erias e Xosé María Veiga Ferreira (Erias e Veiga, 2013). A existencia deste débese ao órgano que posibilitou a correcta xestión económica dos irmáns: o Patronato Benéfico-Docente García Hermanos, fundado en 1908. Trátase, pois, dunha documentación fundamental para a investigación sobre a construción das Escolas y Asilo García Hermanos, de cuxo complexo só se conservan as escolas na actualidade. Neste sentido, a partir dos libros de actas da

institución benéfica pódense achar moitos datos de interese, como a acta de constitución do padroado de 26 de agosto de 1908:



(Fig. 3) Fotografía dos autores (2019): *Fachada principal das Escolas García Irmáns (única parte do edificio conservada)*.



En la ciudad de Betanzos a veintiséis de Agosto de mil nueve cientos ocho.

Prevía invitación de los Sres. D. Juan y D. Jesús García VB. Se reunieron con ellos, en la casa habitación del primero D. Jesus Leiceaga Bernárdez y D. Joaquín López Solla, cura párroca aquel de la de Santiago de esta Ciudad, para tomar posesión, que tuvo efecto, con vocales de la Junta del Patronato partiendo de la doble institución benéfica, creada por los primeros Señores caso la denominarán de "Asilo García hermanos" y "Escuelas García hermanos", según escritura de fundación el veintitrés del corriente mes, otorgada ante el notario de esta misma viudad D. Emilio Pérez Alonso.

Concurrieron al acto los otros dos hermanos D. Juan J. García Iribarne y Eduardo González García; el primero por hallarse en Buenos Aires, de donde ratificaron aceptación del cargo, nombrando a la vez persona que debe sustituirlo; y el segundo por que viene de allí para esta circunstancia aprovechará para posesión del suyo.

Seguidament, siendo urgente esta sesión y cumpliendo los estatutos, se confirieron por unanimidad los cargos que con las personas designadas, se expresan a continuación:

Presidente, D. Juan M. García Naveira; Vicepresidente, D. Jesús García Naveira; Secretario, D. Joaquín López Solla; Constituída así, por ahora, con el vocal Párroco D. Jesús Leiceaga, la junta de patronato, se tomaron también por unanimidad, los siguientes acuerdos:

Primero: autorizar competentemente al Sr. Presidente D. Juan García Naveira par auqe, á fin de ampliar el solar cedido por los Ayuntamientos que forman este partido judicial y dar mayor desahogo á los edificios a construir, adquiera, en representación de la Junta y á nombre de la institución, las fincas que considere necesarias, por el precio y condiciones que se establezcan, otorgando y firmando al efecto la escritura o escrituras correspondientes. También se le faculta para que acepte, con la misma representación las donaciones de esta índole que se hagan en favor de la fundación. La autorización a que este acuerdo se refiere, se confiere por virtud de lo dispuesto en el último párrafo del artículo 2º de los estatutos citados.

Segundo: igual autorización se confiere al mismo señor presidente para que, con arreglo á los planos que merezcan su aceptación contrate con la persona ó personas que crea más conveniente y por el precio más rentable la construcción de los dos edificios que

han de servir para asilo y escuela, encargarán desde la vez de la inspección de las obras, á fin de que se ejecuten con arreglo al procedimiento y condiciones que se estipulan.

Tercero: también se faculta al D. Juan M. García Naveira para que adquiera los útiles de escritorio necesario para servicio de secretaría.

Cuarto: que mientras no pueda cumplirse lo pronunciado en el artículo 22 de los reforzados estatutos, se sigan celebrando las sesiones en el mismo local en que tiene lugar esa.

Juan M García; Jesús García; Jesús Leiceaga; Joaquín López.<sup>1</sup>

Como se le na acta fundacional do padroado, a primeira sesión realizouse na casa de Juan García Naveira, xa que aínda non existía ningún espazo no que se reuniren os seus membros. Deste xeito, ao pouco tempo, a construción do asilo e das escolas xa non só se albiscaba cunha finalidade social, senón tamén se facía necesaria para establecer o lugar de reunión e de administración da institución.


## **2. A cesión dos terreos para a construción: de cárcere a escolas e asilo**

Desde o primeiro momento se pensou en construír a grande obra na ladeira sita entre as actuais rúa do Rollo e avenida Jesús García Naveira. Para iso, foi necesaria unha adquisición previa de terreos por parte dos García Naveira.

O emprazamento do edificio non era casual, porque sobre o seu asentamento xa existían expectativas urbanísticas desde o século XIX. A parcela de maior extensión denominábase *Finca do cárcere*, porque viña de cederse polos municipios do partido xudicial de Betanzos para construír o cárcere do partido (fig. 4). Este antigo proxecto, encargado ao egrexio arquitecto provincial Faustino Domínguez Domínguez (Núñez-Varela, 2017: 10), finalmente non se levou a cabo, polo que quedou unha extensión

---

<sup>1</sup> Archivo Municipal de Betanzos. «Acta de constitución de la Junta Patronal. Institución Benéfica "Asilo y Escuelas García Hermanos"», 26 de agosto de 1908, Betanzos. Archivo Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos, Sección de Gobierno, Serie Actas da «Junta Patronal» da «Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos», caixa 3203, libro de actas I (1908-1917), pp. 3r. – 5r.




(Fig. 4) Faustino Domínguez Domínguez (1865): *Proyecto de cárcel para la ciudad de Betanzos. Plano general del terreno*. Arquivo Deputación da Coruña, H-48/1.

de terra de 43 áreas e 67 centíareas dispoñible para o futuro edificio asistencial. Así e todo, os concellos do partido xudicial de Betanzos ceden o devandito terreo aos García Naveira o 29 de abril de 1906<sup>2</sup>, ca condición de iniciar as obras das escolas antes de seis meses e de que contase cunha inversión de 500 000 pesetas.

Tamén conformaba unha grande extensión a parcela anexa de 44 áreas e 48 centíareas que lindaba ao norte coa parra dos herdeiros de Leoncio López Pérez; ao sur coas hortas dos herdeiros de Andrés Espiñeira (Román Vales e Fermín Couceiro) e cunha tapia de pedra en medio; ao leste coa rúa da Alhondiga; e ao oeste

<sup>2</sup> Arquivo Municipal de Betanzos. «Concesión de una finca en el “Rollo” hecha por el Ayuntamiento de Betanzos por si y en nombre de los demás Ayuntamientos del partido judicial a favor de D. Juan y D. Jesús García Naveira. Emilio Pérez Alonso», 29 de abril de 1906, Betanzos. Arquivo Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos, Sección de Patrimonio, Serie de escrituras notariais, planos e outros (1882 - 1966), caixa 3209, fol. solto.





(Fig. 5) Julián Sánchez Losada (1910): Croquis en el que aparecen las concesiones ó cambios que se hacen recíprocamente los Señores Suárez Naveira y con su esposa y el Patronato de la Institución titulada Escuelas-Asilo García de los Hermanos García de Betanzos. Archivo Municipal de Betanzos, Archivo Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos, caixa 3209, plano solto r.



coas fincas de Josefa Zurrao Bugallo, Enrique Mellid Amor, José Rey Blanco, herdeiros do alcalde Agustín Leis, Dolores San Martín Leira e herdeiros de José Penedo, tendo camiño de servidume no medio.

Segundo un bosquejo parcelario firmado polo perito licenciado Julián Sánchez Losada o 16 de setembro de 1910, obsérvanse outras propiedades que se viron afectadas pola construción (Fig. 5). Destas destaca pola súa extensión a horta outorgada por dona Carmen Carballo Espiñeira e o seu esposo Joaquín Suárez. De todas maneiras, o habitual era a adquisición por medio de compravenda, como acontece cos terreos de Francisco Dans, cunha finca de Bravío que linda co Camiño da Estación; a de María Antonia Iglesias Castelo, viúva de Joaquín García Losada, na zona de Frade e valorada nunha peseta; outra finca en Bravío que era propiedade de Josefa Hernando López; a de José e Josefa González Pérez, asistida polo seu marido Juan Germade Fernández, en Bravío; a chamada finca grande do Frade, propiedade de José González Pérez; ou a de Enrique Rodríguez Grós, na que se realiza unha compravenda por 106 pesetas da pensión ou dereito real de 8 pesetas e 44 céntimos, igual a 33 reais e 25,5 maravedises e medio, que cada ano deben pagar María Iglesias, viúva de Joaquín García Losada, María Antonia Iglesias e Benito Rivas por dúas fincas de labradío sitas na montería do Frade á beira da estrada que baixa ás Cascas.

A totalidade do terreo sobre o que o padroado asenta a futura escola tamén se compoñía por legados testamentarios de diferentes veciños de Betanzos. É o caso de Dolores García Camposa, Manuela Maritany ou Ezequiel Núñez López e Antonio Álvarez Novoa.

Así mesmo, en relación á adquisición de terreos tamén sobresaen outros dous documentos. Por unha banda, o informe de 1909 polo que se recolle o problema cun muro entre os terreos de

Juan García Naveira e María Gestal. Por outra, a concesión en 1907 das augas da desaparecida fonte do Rollo ao complexo dos García Naveira<sup>3</sup> (Torres e García, 2012).

Posteriormente, hai constancia de novos traballos en torno ao edificio, como se explica na acta da sesión ordinaria do 2 de novembro de 1928:

Los señores Don José Baños y Don Marcos Vieites, que fueron comisionados para contratar y vigilar las obras ejecutadas en las escuelas, desde el mes de febrero hasta el de septiembre últimos, proceden a dar cuenta de la terminación de las mismas y presentar a la aprobación del patronato la liquidación pasadas por Don Jacobo Crestar, que asciende a un total a la suma de 17.400,40 pesetas. Dichas obras comprenden la nivelación, aumento de un paso en las escaleras y pavimentación en cemento del patio principal, pacimentación también en cemento de una parte del patio y aceras del paso superior, instalación completa de muros (...) para niños y para niñas, instalación de depósitos de uralita y cañerías para el servicio de agua corriente, arreglo y ensanche de alcantarillado y desagües, instalación de dos depósitos de agua para beber, uno para niños y otro para niñas, reforma de la escalera de entrada al patio principal, blanqueo de aulas y otros arreglos y limpiezas en el edificio.

### 3. A colocación da primeira pedra nas festas do San Roque

Logo de ter a meirande parte dos terreos adquiridos, os irmáns García Naveira (aínda sen se fundar o Patronato Benéfico-Docente) deciden celebrar a colocación da primeira pedra que iniciaría as obras das escolas e do asilo. O evento promocionouse para todos os públicos, porque querían que fose multitudinario (fig. 6).


Tratábase dun acto moi simbólico, por iso se sinalou para o 17 de agosto de 1908 como un evento máis dentro do programa das festas de San Roque. Desta maneira, o acontecemento anunciouse para todas as clases sociais (figs. 7 e 8)<sup>4</sup>.

O acontecemento tería moita sona; por iso, a Corporación Municipal non podía ficar á marxe

---

<sup>3</sup> Segundo se afirman noutro documento, esta fonte xa estaría seca en 1929, polo que xa non cumpriría a súa función. Seguramente foi o motivo a partir do cal se esqueceu e, consecuentemente, se destruíu.





(Fig. 6) Anónimo (1908): *Cartaz anunciativo da inauguración das obras*. Colección privada.


dos filántropos protagonistas. Así, uns días antes, o alcalde Calixto Leis Ponte convida a numerosas autoridades, pois era unha obra da que toda a poboación betanceira podía sentirse orgullosa. Na carta ao convite escribe:

A los señores Alcaldes del partido judicial de Betanzos en 14 de agosto de 1908.

A las 11 de la mañana, hora local, del día 17 del corriente, se colocará la primera piedra para el Asilo de ancianos desamparados y Escuelas de niños



(Fig. 7) Ferrer (1908): *Programa de los festejos en honor á San Roque, Betanzos, 1908*. A Coruña, Imprenta y Fotograbado de Ferrer. Museo do Pobo Galego, Biblioteca Antonio Fraguas Fraguas, sign. 89, p. 1.



(Fig. 8) Ferrer (1908): *Programa de los festejos en honor á San Roque, Betanzos, 1908*. A Coruña, Imprenta y Fotograbado de Ferrer. Museo do Pobo Galego, Biblioteca Antonio Fraguas Fraguas, sign. 89, p. 8.

huérfanos, fundación de los generosos hijos de esta ciudad don Juan y Don Jesús García Naveira, en el terreno que al efecto les han donado los Ayuntamientos de este partido judicial, y en otros a él contiguos, por aquellos adquiridos.

A esta ceremonia, a la que asistirá el Sr. Gobernador Civil de esta Provincia y otras autoridades y corporaciones invitadas, saliendo de esta Casa Consistorial a las 10 ½ de dicho día, tendré suma satisfacción a que usted se sirva asistir, como representante de su Ayuntamiento a quien dicha institución ha de beneficiar.

El Alcalde,  
Calixto Leis.

Ao mesmo tempo, a prensa coetánea tamén se fai eco do evento nas súas páxinas:

Las Escuelas y el Asilo de los señores García Naveira –Inauguración de las obras –. Ceremonia oficial.

El día 17 del actual se verificó en esta ciudad la inauguración de las obras del Asilo de ancianos

<sup>4</sup> Museo do Pobo Galego. *Programa de los festejos en honor á San Roque, Betanzos, 1908, 1908*, A Coruña, Imprenta y Fotograbado de Ferrer. Biblioteca Antonio Fraguas Fraguas, sign. 89, p. 8.



## Fontes documentais arredor dos García Naveira (III): A orixe das Escolas e o Asilo García Irmáns | Ángel Arcay Barral e Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

desamparados y de las Escuelas Hospicio para niños huérfanos, que ofrecen a la ciudad de Betanzos sus hijos –orgullo de ella– D. Juan y D. Jesús García Naveira, filántropos amantísimos de su región, y en especial de esta localidad, a la que tanto bien han hecho.

A las once y media de la mañana salió de la Casa Consistorio la Corporación municipal presidida por el Gobernador civil D. Felipe Crespo, y acompañada de las autoridades y representaciones de todas las sociedades y gremios de la localidad y algunos alcaldes de su distrito. Esta comitiva recogió en su casa a los espléndidos donantes y en unión de ellos se dirigió al sitio en que se había de celebrar la colocación de las primeras piedras, en los solares designados con banderolas entre la calle del Rollo y el camino de la Estación.

Llamó muchísimo la atención el que el Gobernador fuese presidiendo este acto en traje de calle, con un aire de inoportuna superioridad, fumando un cigarrillo y lanzando al aire las bocanadas con gesto de señora que se ha dignado pisar la casa de sus siervos. Esta actitud de Crespo, en ocasión tan memorable para nuestro pueblo, mereció más epigramas humorísticos que indignación. Los brigantinos están encantados de haber nacido, desde que el Gobernador pisó nuestro suelo.

Previo al disparo de voladores, comenzó el acto de la bendición, y seguidamente, el Gobernador colocó las primeras piedras. El ceremonial observado fue el rigor en todos estos casos, exceptuando el traje del Sr. Crespo. Los brigantinos tenemos nuestras esperanzas, de verle el famoso casacón.

Firmáronse las oportunas actas, y fueron encerradas en cajitas de zinc ejemplares de periódicos de Madrid, provinciales y locales, y monedas de plata y cobre y una de oro. El acto de la firma resultó pesadísimo. Los diputados provinciales Wais y Sánchez, se quejaron de no haberse hecho mención de ellos en el acta. Se procuró complacerles por medio de una nota adicional, pero ellos no se conformaron. Poco después, como pidiesen el gobernador que se acelerase el acto de la firma, dijo aquel: “Que vayan firmando pronto y tal y como vayan llegando, que el que promueva aquí cuestiones de etiqueta será tonto de remate.”

Los discursos.

Pronunciáronse en el acto los consiguientes discursos.

Iniciólos D. Jesús García Naveira en su nombre y en el de su hermano D. Juan. Dijo que eran hijos del pueblo, y al pueblo querían mostrar su afecto profundo y sincero con el regalo de los proyectados edificios. Lisonjeóse de que sus continuos desvelos y los trabajos que él y su hermano realizaron en la Argentina, hubiesen permitido desprenderse de quinientas mil pesetas que dedican a estos

edificios. Dio las gracias a las autoridades y a todos los concurrentes por las atenciones de que les hicieron objeto, y encareció para lo sucesivo mayores facilidades para el desarrollo de sus planes.

El Sr. García Naveira tuvo en su discurso fácil palabra y brillantes conceptos. Su oración fue la mejor de todas las que en aquel acto se pronunciaron, según general opinión.

Habló luego el Alcalde. Comenzó con bastante acierto, haciendo resaltar la nota de que las obras e instituciones en proyecto aliviarán al hombre en las dos épocas de su mayor debilidad: infancia y vejez, y que esta bella obra de caridad era la realizada por los Sres. García Naveira. Dio gracias a los donantes por su altruismo, y a las autoridades y al pueblo por su atención en presentar al acto la brillantez merecida. Hizo luego un párrafo poco congruente con los anteriores, y terminó diciendo: “nada más...”

El gobernador que cerró los discursos, defraudó las esperanzas de todos. Algunos atribuían esto a lo impresionado que se hallaba. Tuvo en su penoración algo laborioso, censuras indiscretas para los que vendieron, en vez regular, varias parcelas de terreno para el solar y huerta del asilo y escuelas. Tuvo también un poco cortés olvido de la autoridad militar, al relacionar las que estaban presentes al acto. Habló en cierta forma despreciando los hechos de armas parangonándolos con estos actos filantrópicos.

La comisión oficial y el pueblo, acompañó hasta su domicilio a los Sres. García Naveira, vitorándoles y aplaudiéndoles con gran entusiasmo.

La Defensa se complace e felicitar sincerísimamente a los señores de Naveira, insignes filántropos cuyo nombre quedará siempre grabado en la memoria del pueblo brigantino, perpetuando por sus elogiadas obras de caridad que son las que mejor difunden y eternizan el recuerdo de los hombres.

Un mensaje.

Antes de los discursos, se dio lectura –y fue aplaudidísimo– el mensaje que a continuación reproducimos:

Las Sociedades obreras de la ciudad de Betanzos tienen el alto honor de dirigir a los distinguidos filántropos hermanos señores D. Juan y don Jesús García Naveira el siguiente mensaje:

El solemne acto que hoy se verifica en este lugar denominado Rollo, representa en los fastos de la Historia de Betanzos un grandioso hecho, si cual debe ser esculpido con caracteres de oro, indelebles. Todos los pueblos, de la categoría que sean, cualesquiera que sean sus aspiraciones, para ingresar con mayor acierto en nuevas fases de vida y de progreso, requieren el eficaz auxilio de personas generosas, altruistas; que aniden en sus pechos los más acendrados y humanitarios sentimientos.



Y al hacer constar aquí con orgullo esta buena nueva en bien de nuestra antigua ciudad, que tienen la suerte de albergar entre sus hijos a los humanitarios señores García Naveira, verdaderos filántropos que ya en tiempos anteriores -de gratísimos recuerdos para todos- se han hecho acreedores a los entusiastas y más dignos aplausos tributados por la opinión sensata que reconoció en estos caritativos señores dos héroes que solo por el bienestar intelectual, moral y material del pueblo que les vio nacer se desvelan, no podemos menos de sentir en nuestros corazones el más acendrado reconocimiento hacia tan altruistas personas y de congratularnos ante tan benéficas acciones.

En este hermoso acto que acaba de verificarse y que tuvo por objeto colocar la primera piedra que ha de servir de sostenimiento a la benéfica obra Asilo y Escuelas García Naveira han demostrado una vez más estos respetables señores que el amor que por este pueblo sienten es de una cordialidad sin límites. Y no sólo se proponen con sus múltiples y meritorias obras contribuir al engrandecimiento de la vida de esta ciudad; desean, quizás, principalmente dar ocupación a la clase obrera, y secundariamente, recreo a la clase acomodada. Hombres que así se esfuerzan por el bien público; hombres que se imponen tan grandes

sacrificios, deben ser mirados con la más fervorosa admiración, con los más sumisos respetos.

De conformidad con tan elevados sentimientos, la clase obrera de esta ciudad graba con letras áureas el recuerdo de estos gratos hechos; y ante la presencia de estos filántropos señores se postra como la más favorecida con tan generosas obras. Y así lo hacen hoy todas las sociedades obreras de esta localidad que, humilladas, acuden a cumplir con esta profunda manifestación de agradecimiento que los señores García Naveira se granjearon al practicar sus bienhechoras obras; y si las circunstancias presentes no lo impidieran, verían también con sumo agrado la realización de una plausible iniciativa: la de erigir por suscripción popular un monumento que perpetúe a las generaciones venideras el recuerdo de estos filántropos señores.

Toda vez que en los tiempos presentes no puede darse cumplimiento a tan noble pensamiento, las Sociedades obreras de la ciudad de Betanzos en Junta general reunidas, acordaron llevar a la práctica, con motivo del hecho que ahora se registra, una idea humilde pero encomiástica: la de tener el elevado honor de enviar a los filántropos hermanos señores García Naveira este Mensaje, como testimonio de la más sincera y cordial gratitud<sup>5</sup>.



(Fig. 9) Ferrer (1908-1912): Asilo e Escuelas García Irmáns en construcción. Colección privada.



#### 4. Don Juan recibe a José Fontela e Vales Villamarín nas obras

O sábado 13 de xullo de 1912 aparece na *Gaceta de Galicia: Diario de Santiago*, diario liberal tachado de monterista, unha reportaxe moi interesante realizada por José Fontela Vázquez. Este «buen hijo de Betanzos», xornalista e pensionado do goberno na Arxentina para ampliar os seus estudos de veterinaria, repasa xunto ao seu amigo Francisco Vales Villamarín as dependencias das escolas García Naveira (Fig. 9):

REPORTERISMO REGIONAL. HABLANDO CON UN FILÁNTRORO. UNA IMPRESIÓN GRATA

Acabábase de tomar café en el “Liceo Recreativo” cuando mi entrañable amigo Paco Vales cree oportuno recordarme la visita al “Asilo y Escuelas García Hermanos” en construcción. Yo acepto gustoso. Sabe muy bien Vales que me agradan las excursiones, las visitas, si tienen una finalidad instructiva, de deleite.

¿Llevas cuartillas? –me pregunta. Y mirando los bolsillos contéstole negativamente–.

¡Un colmo! Hoy día a tal extremo se llega en eso de escribir para el público, que el reportero ansioso de informar ávidamente a los lectores, no puede dar un paso sin ir con la corriente...

Para salir del apuro –dice luego– pediremos al Sr. López, el portero de la sociedad, unas cuartillas.

(...) Un sol espléndido baña la ciudad del Mandeo. A lo lejos divisamos el paisaje frondoso, variado, alegre; y por las calles de la población cunde un débil silencioso. El trecho que hubimos de recorrer para llegar al Asilo, fue corto...

Vales, en tanto caminamos paulatinamente, háblame de la gratitud debida a los hombres que se desvelan por fundar centros de enseñanza, de educación; escuelas que tienden a procurar, al propio tiempo que el desarrollo mental, el físico; de esos filántropos que procuran buscar el bienestar de las generaciones futuras, aludiendo, al fin, a los hermanos D. Juan y Jesús García Naveira, fallecido éste ha poco.

##### HACIA EL ASILO

Divisamos enseguida el hermoso edificio. Hállase situado sobre un terreno que reúne excelentes condiciones de salubridad. Penetramos por una de las escalinatas, apreciando pronto el ruido de obreros que trabajan...

Habrá que pedir permiso.

Si; preguntaremos por D. Juan.

Y al punto un obrero nos dice que se halla en el jardín. Caminamos hacia el lugar señalado y llegamos a presencia del benefactor del pueblo brigantino.

Servidores de usted; venimos a molestarle con una interviu. Queremos que salga en un periódico las “cosas” que V. hace y que no deben por más tiempo estar ignoradas.

Además –dice Vales– conviene que el pueblo reconozca las obras que hace en su beneficio, para que al reconocerlas, sepa dar una muestra de gratitud; responder a los sacrificios que ustedes se han impuesto comunitaria y espontáneamente.

D. Juan García estaba sentado en una silla, dirigiendo las obras; pues él es el arquitecto, el ingeniero. Al escuchar nuestras palabras, no deja de atender a las maniobras de los obreros que en aquel momento estaban colocando la espadaña de la capilla. Poco después nos dice:

Me agrada la forma de pensar de ustedes, porque sienten conmigo la conmiseración hacia los pobres... La caridad es la que inspira estas obras. Y entiendo que es obra de caridad, los que estamos en condiciones para ello, socorrer a los necesitados, a los abatidos por el infortunio.

Si, señor. Y la obra grande y filantrópica que usted realiza es digna del caluroso aplauso, de la incondicional simpatía.

El Sr. García, amablemente se brindó solícito a acompañarnos en la visita a las distintas dependencias de que consta el edificio.


##### RECONOCIENDO LAS OBRAS EXTERIORES

Consta de dos cuerpos, digámoslo así, que dan frente a la carretera que va a llamarse “Avenida de García Naveira” por acuerdo del Ayuntamiento que tan dignamente preside el joven abogado D. César Sánchez Díaz. Circundan el edificio terrenos que se dedicarán al cultivo y a jardines, cerrándolos, por el lado de dicha carretera que conduce a la estación del ferrocarril una balaustrada arabesca.

El cuerpo de la parte esta destinaráse a Asilo de ancianos desamparados. Consta de bajo y piso principal destacándose el rótulo: Asilo García Hermanos. El cuerpo de la parte este se dedicará a escuelas mistas estando construído exteriormente igual que el cuerpo anterior y resaltando aquí la inscripción: Escuelas García Hermanos.

<sup>5</sup> *La Defensa: Órgano de las Asociaciones de Agricultores*, nº108, 23 de agosto de 1908, pp. 2-3.





(Fig. 10) Anónimo (ca. 1914): *Postal do Asilo e Escolas García Irmáns, aínda sen rematar de construír o patio dianteiro das escolas.* Colección privada.

En el pavimento que da paso a las clases existen dibujadas las magnitudes y aspectos de los astros que forman parte del sistema planetario y en la pared que rodea a este cuerpo lateralmente están fijados en relieve varias figuras geométricas.

#### VISITANDO LAS DEPENDENCIAS

Con suma amabilidad D. Juan nos lleva a ver las dependencias de que constarán ambos cuerpos. Pero antes nos explica los planes que han proyectado el edificio y las dificultades con que tropezaban a fin de buscar terrenos acondicionados. Dijonos que para llevar a cabo la construcción y a fin de que resultara lo más moderno posible, había visitado edificios en países extranjeros, estudiándolos detenidamente. Como más arriba indicamos, el señor García Naveira prescindió de arquitecto, siendo, por tanto, este grandioso establecimiento, obra exclusiva de su inteligencia. Resultaría muy extensa esta información si fuéramos a concretar los datos que hemos tomado; procuraremos, pues, reducirlos.

El Asilo constará de múltiples dependencias destinadas a dormitorios, lavabos, comedores, salas de visita, de baños, enfermería, botiquín, depósito de cadáveres y habitaciones para servicio de las hermanas de la Caridad. Sobre la dependencia destinada a enfermería se eleva un crucifijo que alcanza de altura diez metros. Fue construido en París.

La capilla del asilo tiene de largo y ancho unos 20 y 7 metros, respectivamente. El altar es de estilo gótico, construido de cemento. En la espadaña se ha fijado lo siguiente: "Ama al prójimo como a tí mismo".

#### DIVERSAS NOTAS

Para dar enseñanza y educación, habrá dos clases amplias, higiénicas, una de niñas y otra de niños. Ingresaran en el Colegio a la mañana, comerán allí por cuenta de los fondos del Asilo y al atardecer serán recogidos por sus padres que durante el día se han entregado a los quehaceres.

Para que los niños durante las horas de descanso puedan distraerse y al mismo tiempo instruirse en los jardines se han construido en relieve figuras geométricas, estilos de arquitectura, el abecedario y números romanos, latinos y chinos. También hemos visto fijado en la pared aquello de "El tiempo es oro". Gabinetes de Historia Natural, versículos de la Biblia en multitud de lenguas, etc. etc. serán medios de instrucción que al alcance del niño estarán expuestos.

Al realizar la visita hemos saludado a las señoras doña Rosa Pasín y doña Juana Sanjurjo que se han ofrecido gratuitamente a fin de ir preparando la ropa que para los asilados se vaya recibiendo. Esta prueba de caridad merece ser consignada. Acerca de 30.000 duros alcanzará aproximadamente lo que produzcan al año los donativos recibidos para el Asilo y Escuelas.



### Fontes documentais arredor dos García Naveira (III): A orixe das Escolas e o Asilo García Irmáns | Ángel Arcay Barral e Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

El establecimiento estará bajo la dirección de un celoso Patronato que forman ilustrados y prestigiosas personas. La apertura de este centro benéfico será objeto de otra información<sup>6</sup>.

Apartir da testemuña desta reportaxe defínense moitas partes do complexo esquecidas (figs. 9 e 10). Aínda que se incide en que Juan García Naveira é o «arquitecto e ingeniero» da obra, en realidade o proxecto tivo que ser realizado por un profesional. Neste sentido, aínda que non se achou ningún proxecto, na acta do 2 de xaneiro de 1914 do padroado alúdese ao célebre arquitecto modernista Ricardo Boán y Callejas como o construtor.

Tamén se sinala o nome da futura rúa que daría entrada ao complexo: a avenida de García Naveira. Se ben a día de hoxe recibe o nome de Jesús García Naveira, daquela xa se presupuña a vinculación municipal coa caridade dos irmáns.

Fontela tamén especifica bastantes detalles sobre aspectos ornamentais. Así, recata das verbas do mesmísimo don Juan que o complexo se pechaba cunha «balaustrada arabesca». Esta pode pasar desapercibida, pero trátase dun elemento arquitectónico e decorativo que tamén

se empregou desde un principio no Parque do Pasatempo, concretamente enriba do muro en homenaxe á Arxentina. Non obstante, este non era o único elemento decorativo idéntico a outros do Pasatempo; por exemplo, segundo as lembranzas dos seus alumnos, tamén existía un *Árbol Genealógico del Capital* no patio idéntico ao do parque (Fuentes Abeledo, 2014: 138), ou mesmo se repiten molduras, capiteis e relevos decorativos. Así pois, isto pode indicar a existencia dun mesmo fornecedor de materiais construtivos tanto para o parque enciclopédico como para este complexo, así como, en xeral, para todas as obras promovidas polos García Naveira.

As máximas morais esculpidas na arquitectura tamén eran un recurso constante nas obras dos García Naveira. Se na espadana da capela do asilo figuraba a frase *Ama al prójimo como a tí mismo*, nas escaleiras que conectaban as escolas co seu patio había outras como *La sabiduría es riqueza y la ignorancia pobreza* ou *La instrucción engrandece al hombre y contribuye al bienestar social* (Fuentes Abeledo, 2014: 138), así como a *El tiempo es oro* nunha das paredes do mesmo patio.



(Fig. 11) Anónimo (ca. 1915): Comedor do asilo con don Juan presente. Colección privada.

<sup>6</sup> *Gaceta de Galicia: Diario de Santiago*, nº158, 13 de xullo de 1912, p.1.





(Fig. 12) Anónimo (ca. 1915): Comedor do asilo con don Juan presente. Colección privada.

## 5. As inauguracións do asilo e das escola

### 5.1. 1912: a inauguración do Asilo García Hermanos

Unha construción das dimensións deste tipo é factible que incumpra prazos de finalización de obras, que é o que ocorreu. Pola contra, os anciáns desamparados esperaban con degoxa a utilización das instalacións. Neste sentido, José Fontela tamén testemuña esta na primavera de 1912:

Dentro de unos cuantos meses ya no pululará por las calles ese tropel de gente menuda, esos niños que por falta de padres que puedan atenderlos convenientemente, andan por el arroyo, harapientos, llenos de miseria cuando no de hambre, esas inteligencias que acaso cultivadas puedan un día ser dignos hijos del pueblo: ya no se verán tampoco ancianos sin hogar y sin pan: todos tendrán un refugio, un asilo donde ponerse a salvo de las tristezas, de las negruras de la vida, del hambre... Y los pudientes hijos

de Betanzos, todos los brigantinos llenos de vida y de salud que sepan agradecer el acto más grande que un hombre pueda realizar, no permanecerán ahora mudos, indiferentes, ante esta acción noble y magna. Sabían elevar sus corazones tributando un homenaje de respeto, al filántropo que se ha ido; de gratitud, al filánropo que se queda.<sup>7</sup>

Logo de que o padroado incidise na necesidade de non demorar as obras moito máis tempo, o 3 de novembro de 1912 dáse constancia de que os «varios pobres y achachosos ancianos» que necesitaban ser acollidos no asilo «antes de que el invierno que se avecina les haga víctimas de sus rigores» (figs. 11, 12 e 13). Así, acórdase a entrega do Asilo García Hermanos a Sor Cristeta de San José Asenjo y Carranza –Nai Superiora electa da comunidade Hermanitas de los Ancianos Desamparados– o día 10 de novembro ás 10:00 da mañá<sup>8</sup>. Como sempre ocorría, foi o notario betanceiro Emilio Pérez Alonso o que daba constancia do acontecemento oficial:

<sup>7</sup> *Gaceta de Galicia: Diario de Santiago*, nº 119, 26 de maio de 1912, p.1.

<sup>8</sup> *Arquivo Municipal de Betanzos*. «Acta designándose el día para la entrega oficial del Asilo», 3 de novembro de 1912, Betanzos. *Arquivo Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos*, Sección de Gobierno, Serie Actas da «Junta Patronal» da «Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos», caixa 3203, libro de actas I (1908-1917), pp. 88 r. – 93 r.



(Fig. 13) Anónimo (ca. 1915): *Dormitorio do asilo*. Colección privada.

EN LA CIUDAD DE BETANZOS á diez de noviembre de mil novecientos doce. Ante si Don Emilio Pérez Alonso Notario de la misma correspondiente al Colegio de la Coruña comparecen en el edificio Asilo Garcia Hermanos.

De una parte, el Patronato de la Fundacion benéfico "Asilo Garcia Hermanos y Escuelas Garcia Hermanos" formados por los señores: DON JUAN GARCIA NAVEIRA mayor de edad, casado, propietario; DON EZEQUIEL NÚÑEZ LÓPEZ, mayor de edad, casado, abogado; DON JOAQUÍN LÓPEZ FOLLA mayor de edad, casado, propietario; DON ANTONIO NÚÑEZ PIROTO mayor de edad, casado, del comercio; DON FELIPE GÓMEZ MUÑOZ, mayor de edad, Párroco de Santa María de esta Ciudad; DON VALERIO NÚÑEZ LÓPEZ, mayor de edad, casado, Abogado Todos con cédulas personales.

Honran tambien este acto con su presencia como testigos, el Señor Alcalde Presidente del Ayuntamiento de esta población Don César Sanchez Díez y los Señores Conejales Don Eugenio Corral Golpe, Don Laureano Perez Vales, Don Valentín Pita Pendelo y los demás que suscriben este acto incluso el secretario de la Corporación.

Y DE OTRA, LA MADRE SOR CRISTETA DE SOR JOSE CARRANZA Y ASENJO, RELIGIOSA PROFESA de la Congregación de las Hermanitas de los Ancianos Desamparados, mayor de cincuenta años, Superiora electa de la Comunidad que habrá de regir el "Asilo Garcia Hermanos".

El mencionado Patronato concurre en pleno á este acto en funciones de tal; y la Madre Sor Cristeta de San José Carranza y Asenjo, como apoderada con poder bastante de la Muy Reverenda Madre Sor María de Jesús Jornet é Ibars, Superiora General del Instituto de Hermanitas de los Ancianos pobres desamparados; Congregación religiosa domiciliada en Valencia, según el que le ha conferido en esta última capital en veinte y cinco de Abril de mil ochocientos noventa y ocho ante

el notario de la misma Don Miguel Tasso y Chiva, cuya copia bastanteada y legalizada en la forma me exhibe.

Todos los expresados Señores se encuentran á mi juicio con capacidad legal suficiente para formalizar este documento toda vez que me constan los cargos de que los referidos Señores del Patronato se hallan investigados; y la Madre Sor Cristeta de San José afirma que su poder está vigente y no le ha sido revocado no condicionado ó restringido. Y en tal concepto manifiesta el Patronato.

PRIMERO= Que ese cumplimiento de los artículos primero, segundo y tercero de los Estatutos por que se fige la Fundación benéfica "Asilo Garcia Hermanos y Escuela Garcia Hermanos", ha construido de nueva planta un edificio independiente con Capilla pública sobre solar que al efecto han cedido con autorización del Gobierno los diez Ayuntamientos del parte según reglamento demarcado. El edificio que, con sus patios interiores mide tres mil sesenta metros cuadrados esta compuesto de dos pies, uno bajo de escaso fondo á causa de los desniveles del terreno, y otro alto. Los patios y anejos unidos al edificio por su parte exterior miden tres mil seiscientos cinco metros cuadrados. Los límites de edificio "asilo Garcia Hermanos con sus dependencias y terrenos adyacentes son: al Norte otro edificio á él unido que lleva el nombre de "Escuelas Garcia Hermanos" con sus anejos; ambos edificios están separados al frente por un tabique escalonado de ladrillo y al fondo por un muro de piedra; al Sur, en toda la prolongación al fondo, sendero abierto en terreno propio del Asilo, huerta cerrada de Doña Carmen Carballo con cuya finca urbana y una bodega de Don Roman Vales lindan también al Oeste otros agregados de aquel y parte de una porción e tierra destinada á cultivo, siguiendo después al mismo rumbo Sur casa y finca rústica del Señor Vales; Al Este la calzada del Rollo, y otra vez al confin Oeste, orientación de la fachada trozo de carretera denominado Avenida de Jesús Garcia Naveira.



SEGUNDO= Que conforme a lo dispuesto en el artículo cuarto e los mencionados Estatutos, ha dotado al edificio arriba descrito destinado a Asilo del material adecuado al objeto a que se dedica, y lo mismo la Capilla pública según la relación detallada que se ha formado, con expresión de los nombres de los donante, cuando han sido costeados por algún bien hechor. Faltan solamente algunos detalles como el pulpito y el confesionario de la Calle, una escalera de madera para servicio desde la cocina, y otros de menor importancia.

TERCERO= Que en virtud de acuerdo tomado por el mismo Patronato en sesión de fecha tres de los corrientes y al terror de lo prescrito en subsodicho artículo cuarto, hace entrega con las condiciones expresadas en los referidos Estatutos a la Congregación de las Hermanitas de los Ancianos Desamparados sus anejos y dependencias, muebles, ropas y demás enseres.

CUARTO= Que esta entrega es irrevocable, salve el caso ya previsto en el Artículo diez y ocho de los aludidos Estatutos, de no ser posible el fin benéfico que en ellos se asigna al edificio y sus anejos por exigencia de la ley, de fuerza mayor ó por otra causa, casos en los cuales el Patronato se incautará del edificio y anejos arriba descritos en el estado en quien se encontraren y de los demás bienes del Asilo según expresa el citado Artículo.

QUINTO= Que si bien, con arreglo á lo establecido en el artículo cuarto precatado cesa desde el momento de la entrega toda intervención del Patronato respecto á la marcha, funcionamiento y régimen interior y exterior del Asilo, se reserva conforme á las prescripciones del artículo diez y ocho los metros ó acciones necesarios para impedir (caso del todo imprevisto é inesperado) que el edificio y anejos que hoy entrega sean destinados a fines distintos de los que se propusieron los fundadores.

SEXTO= Esta entrega se entiende hecha sin gravamen ni gasto alguno para la Congregación de las Hermanitas de los Ancianos Desamparados, siendo por lo tanto de cuenta del Patronato todos los motivados por medios anteriores á esta fecha incluso los detalles de que se hace mención en la base segunda; pero asimismo declara el Patronato que en lo sucesivo queda exento del pago de subención alguna obligatoria conforme a lo que determina el ya citado artículo cuarto, al igual que de todo gasto e impuesto.

A su vez la referida Madre Sor Cristeta de San Jose Carranza y Asenjo en la representación indicada, manifiesta.

PRIMERO= Que acepta muy complacida la entrega de que se trata, con las condiciones arriba declaradas, haciéndose cargo del edificio, anejos, dependencias, muebles, ropas y enseres ya especificados.

SEGUNDO= Que dicha Congregación se reserva siempre la propiedad de todas las adquisiciones que por la misma se hagan con bienes propios, y la de los legados que no fuesen consignados tasativa y exclusivamente para el "Asilo Garcia Hermanos".

Ambas partes convienen y aceptan las bases expresadas, acordando por unanimidad el levantamiento de la presente acta, obligándose a su cumplimiento con arreglo a derecho.

Asi lo otorgan y forman con los testigos instrumentales presentes al principio citados, y las personas que hallándose presentes al acto desean suscribirlo.

De todo lo contenido en este instrumento público escrito en dos pliegues de la calase undécima Serie C. números cuatro millones ochenta y dos mil doscientos cincuenta y seis y siguiente correlativo, del conocimiento de los otorgantes, y de que en presencia de todos lo he leído por haber renunciado el derecho de leerlo por si, yo el Notario doy fé.- Juan M. Garcia = Sor Cristeta de San José = Ezequiel Nuñez Lopez = Joaquin Lopez = Felipe Gomez = Valerio Nuñez = A. Nuñez Piroto = Cesar Sanchez = Eugenio Corral = Laureano Perez = Valentin Pita = Agustin Nuñez = Fabian Costas = Tomas Lopez = José A. Veiga = Pedro Garcia = Joaquin Novo = Manuel Castro Ares = Signado Emilio Perez Alonso.

Asi resulta de su original que con el número trescientos veinte y ocho de orden obra en mi protocolo corriente de instrumentos públicos á que me remito. Y á instancia de don Juan Maria Garcia Naveira, Presidente del Patronato, para la Superiora de la Congregación de las Hermanitas de los Ancianos Desamparados, libro la presente en dos pliegos, el primero de clase décima serie A. número 2.762,389, que signo y formo en Betanzos á doce de Noviembre de mil novecientos doce.

Sellado y rubricado.

---

<sup>9</sup>Arquivo Municipal de Betanzos. «Copia de escritura de acta de entrega del edificio 'Asilo Garcia Hermanos' y sus anejos otorgada por el Patronato de la Fundación del dicho nombre a favor de la congregación 'Hermanitas de los Ancianos Desamparados'. Redactada por el notario Emilio Pérez Alonso, con residencia en Betanzos. Colegio Notarial del Territorio de La Coruña. N. 328», 10 de novembro de 1912, Betanzos. Arquivo Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos, Sección de Patrimonio, Serie de escrituras notariais, planos e outros (1882- 1896), caixa 3209, fol. solto.



(Fig. 14) Anónimo (ca. 1915): *Grande escalinata marmórea do Asilo*. Colección privada.





(Fig. 15) Anónimo (1912): *Inauguración do Asilo, con Vales Villamarín en último termo. Obsérvense os detalles arquitectónicos e escultóricos.* Colección privada.

Ademais de coñecerse a inauguración, con esta copia protocolaria tamén se pode definir de mellor maneira o asilo como contedor; isto é, algúns elementos da súa arquitectura e da súa decoración, salientando especialmente a grande escalinata realizada con mármore de Carrara (figs. 14 e 15). Polo tanto, unha construción tan significativa para Betanzos non podía pasar desapercibida de novo, por iso Juan García Naveira volve convidar á Corporación Municipal ao evento inaugural.

## 5.2. 1914: a inauguración das Escolas García Hermanos

Por outra banda, as escolas conformaron a outra parte do complexo benéfico. Foron inauguradas o 2 de setembro de 1914 por Juan García Naveira por ser o fundador, distinguindo escolas para nenos e para nenas. O filántropo foi o encargado de inaugurar o curso escolar 1914-1915. Figuraban como mestres Cándido Rodríguez y Rodríguez, María de los Dolores

---

<sup>10</sup> Arquivo Municipal de Betanzos. «Acta inaugural de las Escuelas García Hermanos», 2 de setembro de 1914, Betanzos. Arquivo Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos, Sección de Gobierno, Serie Actas da «Junta Patronal» da «Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos», caixa 3203, libro de actas I (1908-1917), p. 130 r. y v.



(Fig. 16) Anónimo (ca. 1920): *Rapaces xantando no comedor das escolas*. Colección privada.

Espada y Fernández, o sacerdote Antonio Permuy Lamas e as Hermanitas de los Ancianos Desamparados<sup>40</sup>. O edificio estaba realmente ben equipado, xa que mesmo nel podían xantar os rapaces e rapazas ao mediodía (fig. 16).

Ademais, o mobiliario que albergaron foi sempre moi valioso por mor da súa calidade artesanal e didáctica, conservándose unha boa parte no Museo das Mariñas (fig. 17).



(Fig. 17) *Sala das escolas no Museo das Mariñas*.



A relación do padroado cos modelos que impulsaba a Institución Libre de Enseñanza (ILE) albíscase nas referencias do modelo arquitectónico das escolas. Na edición número 618 do *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza* figura o artigo «Notas sobre construción escolar», asinado polo pedagogo krausista Manuel Bartolomé Cossío, quen pasaba estadias de lecer na quinta de San Vitorio, en Vixoi (Bergondo). O devandito boletín sempre publicaba na súa cabeceira o artigo 15 dos estatutos da ILE, no que se recordaba:

La Institución Libre de Enseñanza es completamente ajena a todo espíritu e interés de comunión religiosa, escuela filosófica o partido político: proclamando tan solo el principio de la libertad e inviolabilidad de la ciencia y de la consiguiente independencia de su indagación y exposición respecto de cualquiera otra autoridad que la de la propia conciencia del Profesor, único responsable de sus doctrinas.

As notas construtivas que publica Cossío, daquela director do Museo Pedagógico Nacional, fundamentábanse en dous aspectos: o réxime pedagóxico e a hixiene. É por iso que comeza indicando a necesidade de contar cun campo escolar para «la salud del niño en la escuela, aire puro y juego corporal, para el recreo de las fuerzas», beneficiándose deste aspecto a formación en educación física, mais tamén en coñecementos menos habituais como botánica, agricultura, topografía ou a moral. Ademais, outro obxectivo tería que ser:

La educación del sentimiento, mediante la noble contemplación del cielo, árboles, flores, pájaros, etc. y a ser posible, del paisaje: elementos que excitan las fuerzas de todos los órdenes en el niño y que reaniman y alegran su espíritu y compensan el cansancio y agotamiento temporal de las que ha tenido que ejercitar en la clase. Solo descansa jugando; solo el juego al aire libre completo.

Para poder contar con este campo escolar, que tiña que ter unhas medidas que duplicaran no seu ancho á altura do edificio, preferíanse os centros escolares sitios ás aforas da poboación; localización que

compartía o edificio naquel momento. Este campo debía contar cunha extensión de dez metros para cada alumno maior de seis anos e ter unha forma rectangular ou elíptica, cun chan seco coa pendente suficiente para que corran as augas.

As aulas debían representar para o neno simplemente o seguinte:

[...] un sitio de reposo donde afirmar, ordenar y construir las ideas y datos recogidos (...) a donde hay que llevar la escuela, porque es donde se aprende: ante los objetos y ante los hechos capaces de despertar el interés y engendrar la educación activa.

Ademais, o propio recinto non debía compartir estancias con outras institucións e debía estar lonxe de calexas sen luz, masas urbanísticas, terreos pantanosos, cemiterios, prisións, hospitais ou bordeis e tabernas.

As escolas debían erixirse nunha orientación que salvagardase inclemencias do tempo, recomendándose o eixo de norte a sur para a fachada principal. Isto non existe no caso betanceiro, xa que a orientación desta mira ao oeste, desde a que se podía ver o Pasatempo para facer o triplo xogo comunicativo co Monumento dos García Naveira e a Estatua da Caridade. Igualmente, Cossío recomenda que as aulas estean na planta baixa do edificio e, no caso de non cumprirse, que exista unha rampla de acceso ás mesmas; unha tipoloxía tamén repetida anos despois nas escolas Jesús García Naveira.

Alén destas recomendacións, a ILE tamén fai mención á iluminación interior, á abundancia decorativa, á necesidade de ventilación natural, ao número de urinarios e até á colocación do gardarroupa ou aos produtos de limpeza que se debían empregar. Mais, certamente, existen moitos aspectos das escolas García Irmáns que non se relacionaban directamente coas pautas da ILE e que hai que comprendelos como unha arquitectura xurdida no contexto da proliferación de asilos promovidos por indianos<sup>11</sup>.



(Fig. 18) Selo oficial da Administración-Hospital "Asilo García Hermanos". Betanzos.



(Fig. 19) Aula doada por Domingo Sangrador ás escolas, cuxas iniciais se borraron na intervención de 2001. Xentileza de Suso Torres Regueiro.

## 6. A xestión económica do conxunto

A fortuna que xeran os García Naveira na Arxentina destaca pola firma comercial que fundan en 1875 e coa casa importadora de Etchegaray Arriarán y Cía. S.A. de 1886. Estes modelos empresariais tratáronos no padroado, que se sostiña a partir de donativos<sup>12</sup> (De la Fuente García, 1999: 412-419). Nos libros das actas do padroado aparecen incontables persoeiros que destinaban grandes cantidades de diñeiro (fig. 18). Deste xeito, só oito anos despois da fundación do padroado, en

decembro de 1916, a institución recibira xa 146 800 pesetas en donativos grazas a diferentes persoeiros americanos como Eduardo Martínez (cónsul da República Oriental do Uruguai en Vigo), Manuel do Pico Sás (por parte da Compañía Tranvías Eléctricos del Sud de Buenos Aires) ou Domingo Sangrador (fig. 19), entre moitos outros.

Non en balde, a política económica de donativos non só consistía en diñeiro, senón tamén en obxectos para empregar tanto no asilo coma nas escolas: moedas e billetes


<sup>11</sup> Sobre a arquitectura benéfica dos asilos en Galicia, véxase: FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C.M. e SÁNCHEZ GARCÍA, J.A. (2006): «Espacios para el refugio. La asistencia a la vejez y los asilos en Galicia», *SEMATA: Ciencias Sociais e Humanidades*, n. 18. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 167-203.

<sup>12</sup> Para un coñecemento máis amplo da xestión económica do padroado, véxase: DE LA FUENTE GARCÍA, S. (1999). «Los Hermanos García Naveira y sus fundaciones», *Anuario Brigantino*, n. 22. Betanzos, Concello de Betanzos, pp. 395-434.





(Fig. 20) Ferrer (1917): *Chegada do cadáver de Don Jesús a Betanzos*. Colección privada.



(Fig. 21) Anónimo (ca. 1915): 10. - *Escuelas y Asilo Garcia Hermanos*. Tarxeta postal. Fotogravado. 9 x 14 cm. Biblioteca de Galicia, POS 477.



(arxentinas, turcas, etc.), roupas, armarios e numerosos obxectos decorativos que mesmo foron inventariados.

Pero tamén foron fundamentais as facendas de ultramar para o abastecemento económico do asilo e escolas. Así pois, tras finar Jesús García Naveira en 1912 (fig. 20), lega mediante o seu testamento dúas importantes propiedades: a finca coñecida como Campo Dorrego, unha basta extensión agrícola de 4.100 ha. no sur da provincia de Buenos Aires; e a casa o propio Jesús na capital arxentina, no tramo da rúa de Pinzón que dá á esquina de Necochea.

## 7. Conclusión

O complexo promovido polos dous filántropos brigantinos é unha obra cumio no seu amplo repertorio benéfico. Se dúbida é un fito para

o desenvolvemento do seu padroado, e, *por ende*, para achegar a Caridade a Betanzos. Mais tamén se embeleceu a cidade coa súa construción, pois serviu como un edificio que iniciou a expansión urbanística betanceira, unha pretensión que xa se tiña en mente na Corporación Municipal desde o século XIX.

En definitiva, malia só quedaren conservadas as escolas, e parcialmente, co presente artigo preténdese achegar a imaxe de como era este complexo tan importante para as clases baixas betanceiras (fig. 21). Deste modo, a documentación gráfica volve ser necesaria nas investigacións relativas co legado dos García Naveira, se ben o fondo *Arquivo Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos*, sito no Arquivo Municipal de Betanzos, é transcendental para seguir coñecendo a historia que crearon don Juan e Don Jesús García Naveira.





## BIBLIOGRAFÍA

- COSTA RICO, Antón; PEÑA SAAVEDRA, Vicente (2011). «Herminio Barreiro Rodríguez, escolma fotobiográfica dos anos en Compostela (1976-2010)». *Sarmiento. Revista Galego-Portugués de Historia da Educación*, n.15. A Coruña, Universidade da Coruña e Universidade de Vigo, pp.121-138.
- DE LA FUENTE GARCÍA, Santiago (1999). «Los Hermanos García Naveira y sus fundaciones». *Anuario Brigantino*, n. 22. Betanzos, Concello de Betanzos, pp. 395-434.
- ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo; VEIGA FERREIRA, Xosé María (2013). «A “Educación” no Arquivo Municipal de Betanzos e no Museo das Mariñas». *Murguía: Revista Galega de Historia*, n. 27-28. Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, pp. 203-210.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos M. e SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel (2006): «Espacios para el refugio. La asistencia a la vejez y los asilos en Galicia». *SEMATA: Ciencias Sociais e Humanidades*, n. 18. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 167-203.
- FUENTES ABELEDO, Eduardo José (2014). «Reflexiones en torno a la acción educativa de los Hermanos García Naveira de Betanzos». *Anuario Brigantino*, n. 37. Betanzos, Concello de Betanzos, pp. 137-160.
- NÚÑEZ-VARELA LENDOIRO, José Raimundo (2017). *Insignias jurisdiccionales de la ciudad de Betanzos de los Caballeros: La Cárcel pública del concejo*. Disponible na web do Cronista Municipal de Betanzos: <http://www.cronistadebetanzos.com/la-carcel-publica-del-concejo/> [Consultado o 1/08/2019].
- TORRES REGUEIRO, Xesús e GARCÍA GONZÁLEZ, Antón (2012). *As fontes no concello de Betanzos*. Betanzos, Asociación Cultural Eira Vella.







# NORMAS DE PUBLICACIÓN

## TEMA

CasadosEspellos: Revista poliédrica da cultura galega é unha revista anual de Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Antropoloxía e Literatura, podendo admitir outras temáticas segundo o criterio do seu Comité Científico.

## TRABALLOS

Publicaranse traballos orixinais e inéditos, podendo reeditar traballos que contén un interese especial para a nosa temática. Non se aceptarán para a súa valoración traballos que foran publicados noutros medios ou estean en proceso de ser aceptados para outra publicación.

## PRESENTACIÓN

Os traballos serán presentados por correo electrónico dentro do proceso de recepción de orixinais.

## IDIOMAS

Os idiomas dos traballos poderán ser: galego, castelán, portugués e inglés.

## FORMATO

A extensión máxima será de 10 follas sen ter en conta as imaxes. Entregarase unha copia formato Word ou Open Office, cunha letra Times New Roman a tamaño 12 e cun interlineado de 1,5. As notas ao pé terán un tamaño 10 e interlineado sinxelo. O sistema de citas será o Estilo Harvard, presentando as referencias completas ao final do texto.

O inicio do traballo debe contar cun título, un breve resúmen e cinco palabras clave que definan o traballo, no idioma do texto e a súa respectiva tradución ao inglés.

Noutro documento a parte, deberán aparecer os datos do autor: nome completo, correo electrónico, filiación profesional e unha breve descrición biográfica acompañada dunha imaxe para ser engadida ao apartado de “Colaboradores” da nosa web.

A Bibliografía aparecerá ao final do texto, ordenada alfabéticamente por autores e dentro de cada autor seguirá unha orde cronolóxica. Exemplos:

· Para libros: APELIDOS, Nome (Ano). Título. Lugar de edición, Editorial.

· Para artigos: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do artigo”. En Título da Revista, número. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para capítulo: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do capítulo”. En APELIDOS, Nome. Título do libro. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para notas de prensa: Título da publicación, data, número, páxina. Título da nota ou da imaxe.

· Para fotografías: APELIDOS, Nome (Ano). Título da fotografía. Medidas. Fondo.

· Para cuadros: APELIDOS, Nome (Ano). Título da obra. Material, medidas. Fondo.

## **IMAXES**

As imaxes empregadas serán de autoría propia, estarán suxeitas a Creative Commons ou virán acompañadas do consentimento do autor para a súa publicación, no caso de ser un terceiro. O formato preferido será TIFF e a resolución mínima esixida será de 300ppp. De non contar ca resolución óptima poden ser desbotadas do artigo.

Non aparecerán no texto, senón que virán adxuntas no correo electrónico, cunha sinalización numérica (Fig. 1, Fig. 2, etc.) no traballo para que o equipo de deseño coñeza a súa disposición.

## **DIFUSIÓN**

Todos os traballos presentados estarán dispoñibles en plataformas de acceso libre

## **DEREITOS**

Os autores sempre serán os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica.

## **REVISIÓN**

Será decisión do Comité Científico consultado, a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos externos á Revista, mediante un sistema de dobre cego, sendo anónimo o proceso tanto para o autor coma para quen o avalíe.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo dun ano, dependendo sempre das necesidades da revista.

Casa dos Espellos contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

## **CORRECCIÓN**

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios substanciais do texto entregado.

— O feito de participar na revista, garante aceptación e o cumprimento destas normas —



